

ORDENANZA Nº 2

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

ARTIGO 1.- NATUREZA E FUNDAMENTO.

1. O Imposto sobre Bens Inmobles é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos Bens Inmobles sitos no termo municipal de Vigo, establecido con carácter obrigatorio no RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais).

2. De conformidade cos artigos 59.1, 15.2 e 16 do citado RDL 2/2004 de 5 de marzo, o Concello de Vigo acorda a Ordenación deste tributo segundo as normas que contén a presente Ordenanza, en concordancia co disposto nos artigos 61 a 77 do RDL 2/2004, RDL 1/2004 de 5 de marzo (TR da Lei do Catastro Inmobiliario) e restante normativa de aplicación.

ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE.

1. Constitúe o feito imponible deste imposto a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos e urbanos, e sobre os inmobles de características especiais:

- a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos aos que estean afectados.
- b) Dun dereito real de superficie.
- c) Dun dereito real de usufruto.
- d) Do dereito de propiedade.

2. A realización do feito imponible que corresponda, de entre os definidos no apartado anterior pola orde nel establecida, determinará a non suxeición do inmovble ás restantes modalidades no mesmo previstas.

Nos inmobles de características especiais aplicarase esta mesma prelación, salvo cando os dereitos de concesión que poidan recaer sobre o inmovble non esgoten a súa extensión superficial, suposto no que tamén realizárase o feito imponible polo dereito de propiedade sobre a parte do inmovble non afectada por unha concesión.

3. Aos efectos deste imposto, terán a consideración de bens inmobles rústicos, urbanos e de características especiais os definidos como tales no RDL 1/2004 de 5 de marzo (TR da Lei do Catastro Inmobiliario).

O carácter urbano ou rústico do inmovible dependerá da natureza do solo.

4. Conforme ás normas reguladoras do Catastro inmobiliario, serán inmobles de natureza urbana:

a) O solo clasificado polo planeamento urbanístico como urbano; urbanizado ou equivalente; os terreos que teñan a consideración de urbanizables ou aqueles para os que os instrumentos de ordenación territorial e urbanística aprobados prevean ou permitan o seu paso á situación de urbanizado, sempre que estean incluídos en sectores ou ámbitos espaciais delimitados e se establezan para eles determinacións de ordenación detallada ou pormenorizada.

b) O resto do solo clasificado como urbanizable a partir do momento de aprobación do instrumento urbanístico que o desenvolva, e que reúna as características contidas no artigo 8 da Lei 6/1998, de 13 de abril, sobre Réxime do Solo e Valoración. Tamén o será aquel no que poidan exercerse facultades urbanísticas equivalentes ás anteriores segundo a lexislación autonómica.

Exceptúanse da consideración de solo de natureza urbana o que integre os bens inmobles de características especiais.

c) Terán a consideración de construcións:

- Os edificios, calquera que sexan os materiais de que estean construídos e o uso ao que se destinen, sempre que se atopen unidos permanentemente ao solo e con independencia de que se alcen sobre a súa superficie ou estean enclavados no subsolo e de que poidan ser transportados ou desmontados.
- As instalacións industriais, comerciais, deportivas, de recreo, agrícolas, gandeiras, forestais e piscícolas de auga doce, considerándose como tales, entre outras, os diques, tanques, cargaderos, molles, pantaláns e invernadoiros, e excluíndose en todo caso a maquinaria e o utillaxe.
- As obras de urbanización e de mellora, tales como as explanacións, e as que se realicen para o uso dos espazos descubertos, como son os recintos destinados a mercados, os depósitos ao aire libre, os campos de práctica do deporte, os estacionamentos e os espazos anexos ou accesorios aos edificios e instalacións.
- Non terán a consideración de construcións aquelas obras de urbanización ou mellora que regulamentariamente se determinen, sen prexuízo de que o seu valor deba incorporarse ao do ben

inmobles como parte inherente ao valor do solo, nin tinglados ou cobertizos de pequena entidade.

5. Terán a consideración de bens inmobles de natureza rústica aqueles que non sexan de natureza urbana nin estean integrados nun ben inmovible de características especiais.

Non entanto, conforme á Disposición Transitoria Primeira do RDL 1/2004 de 5 de marzo (TR da Lei do Catastro Inmobiliario), ata o primeiro procedemento de valoración colectiva de carácter xeral con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2003, manterase a natureza dos inmobles que lles corresponda de conformidade coa normativa anterior.

6. Segundo o disposto no artigo 8.1 do RDL 1/2004 de 5 de marzo (TR da Lei do Catastro Inmobiliario), os bens inmobles de características especiais constitúen un conxunto complexo de uso especializado, integrado por solo, edificios, instalacións e obras de urbanización e mellora, que polo seu carácter unitario e por estar vinculado de forma definitiva para o seu funcionamento, configúrase a efectos catastrais como un único inmovible.

Considéranse bens inmobles de características especiais os comprendidos nos seguintes grupos:

- a) Os destinados á produción de enerxía eléctrica e gas e ao refino de petróleo, e as centrais nucleares.
- b) A presas, saltos de auga e encoros, incluído o seu leito ou vaso, excepto as destinadas exclusivamente ao rego.
- c) As autoestradas, estradas e túneles de peaxe.
- d) Os aeroportos e portos comerciais.

O conxunto complexo susceptible de cualificarse como ben inmovible de características especiais entenderase como un único ben inmovible, con independencia de que poida estar integrado por un ou varios recintos ou parcelas ou da súa configuración territorial, en caso de estar situado en distintos termos municipais.

7. No caso de que un mesmo inmovible se atope localizado en distintos termos municipais, entenderase, a efectos deste imposto, que pertence a cada un deles pola superficie que ocupe no respectivo termo municipal.

ARTIGO 3.- NON SUXEIÇÃO.

Non están suxeitos a este imposto:

a) As estradas, os camiños, as demais vías terrestres e os bens de dominio público marítimo terrestre e hidráulico, sempre que sexan de aproveitamento público e gratuito para os/as usuarios/as.

b) Os seguintes bens inmoables propiedade do Concello de Vigo, enclavados dentro do termo municipal:

- Os bens inmoables de dominio público afectos a uso público.
- Os bens inmoables de dominio público afectos a un servizo público xestionado directamente polo Concello, excepto cando se trate de inmoables cedidos a terceiros mediante contraprestación.
- Os bens inmoables patrimoniais, exceptuados igualmente os cedidos a terceiros mediante contraprestación.

ARTIGO 4.- SUXEITO PASIVO.

1. Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas es as Entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

Aínda que concorran varias titularidades catastrais nun mesmo ben inmoable, o suxeito pasivo será único: quen figure con esta condición no Fichero de remisión do Padrón Catastral anual.

Sen prexuízo do anterior o suxeito pasivo poderá ser alterado conforme o disposto no Art. 77.7 da RDL 2/2004, de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais).

Cando se produza a concorrencia de varios titulares catastrais nun mesmo ben inmoable, a Administración Tributaria do Concello proporcionará a información sobre os dereitos de cada titular e a súa cota de participación, segundo os datos contidos no Fichero Informático de remisión do Padrón Catastral.

2. No caso de bens inmoables de características especiais, cando a condición de contribuínte recaia nun ou en varios concesionarios, cada un deles o será pola súa cota, que se determinará en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie concedida e á construción directamente vinculada a cada concesión. Sen prexuízo do deber dos/as concesionarios/as de formalizar as declaracións a que se refire o artigo 76 do RDL 2/2004, o ente ou organismo público ao que estea

afectado ou adscrito o inmovible ou aquel a cuxo cargo estea a súa administración e xestión, estará obrigado a subministrar anualmente ao Ministerio de Economía e Facenda a información relativa ás devanditas concesións nos termos establecidos regulamentariamente.

Para esta mesma clase de inmovibles, cando o/a propietario/a teña a condición de contribuínte en razón da superficie non afectada polas concesións, actuará como substituto/a do mesmo o ente ou organismo público ao que se refire o parágrafo anterior, o cal non poderá repercutir no contribuínte o importe da débeda tributaria satisfeita.

3. O disposto nos apartados anteriores será de aplicación sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito común. O Concello de Vigo repercutirá a totalidade da cota líquida do imposto en quen, non reunindo a condición de suxeitos pasivos do mesmo, fagan uso mediante contraprestación dos seus bens demaniais ou patrimoniais do Concello, nos termos do artigo 63 do RDL 2/2004.

4. Nos supostos de cambio, por calquera causa, na titularidade dos dereitos que constitúen o feito imponible deste imposto, os bens inmovibles obxecto de ditos dereitos quedarán afectos ao pago da totalidade da cota tributaria nos termos previstos na Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria. Para estes efectos, os notarios solicitarán información e advertirán aos comparecentes sobre as débedas pendentes polo Imposto sobre Bens Inmovibles asociadas ao inmovible que se transmite.

5. Responden solidariamente da cota deste imposto, en proporción ás súas respectivas participacións, os/as copartícipes ou cotitulares das entidades á que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 decembro, Xeral Tributaria, se figuran inscritos como tales no Catastro Inmobiliario. De non figuraren inscritos, a responsabilidade esixírase por partes iguais en todo caso.

ARTIGO 5.- EXENCIONES.

1. Estarán exentos os seguintes inmovibles:

a) Os que sexan propiedade do Estado, das Comunidades Autónomas, ou das Entidades Locais que estean directamente afectos á seguridade cidadá, e aos servizos educativos e penitenciarios, así como os do Estado afectos a defensa nacional.

b) Os bens comunais e os montes veciñais en man común.

c) Os da Igrexa Católica, nos termos previstos no Acordo entre o Estado español e a Santa Sede sobre asuntos económicos, de 3 de xaneiro de 1979, e os das Asociacións confesionais non católicas legalmente recoñecidas, nos termos establecidos nos respectivos acordos de cooperación subscritos en virtude do disposto no artigo 16 da Constitución.

d) Os da Cruz Vermella Española.

e) Os inmobles aos que sexa de aplicación a exención en virtude de Convenios Internacionais en vigor e, a condición de reciprocidade, os dos Gobernos estranxeiros destinados á súa representación diplomática, consular ou aos seus organismos oficiais.

f) A superficie do montes poboados con especies de crecemento lento, regulamentariamente determinadas, no que o principal aproveitamento sexa madeira ou corcho, sempre que a densidade do arborado sexa a propia ou normal de especie.

g) Os terreos ocupados por liñas de ferrocarrís e os edificios enclavados nos mesmos terreos, que estean dedicados a estacións, almacéns, ou calquera outro servizo indispensable para a explotación de ditas liñas. Non están exentos, por conseguinte, os establecementos de hostalería, espectáculos, comerciais e de esparramento, as casas destinadas a vivendas dos/as empregados/as, as oficinas da dirección nin as instalacións fabrís.

h) Os inmobles urbanos nos que resulte unha cota líquida inferior a 7 €, así como o conxunto de inmobles rústicos dun mesmo suxeito pasivo nos que a súa cota agrupada sexa inferior a 7 euros.

2. Así mesmo, previa solicitude, estarán exentos:

a) Os bens inmobles que se destinen ao ensino por centros docentes acollidos, total ou parcialmente, ao réxime de concerto educativo, en canto á superficie afectada ao ensino concertado.

b) Os declarados expresa e individualizadamente monumento ou xardín histórico de interese cultural, mediante Real Decreto na forma establecida polo artigo 9 da Lei 16/1985, de 25 de xuño de Patrimonio Histórico Español, e inscritos no Rexistro Xeral ao que se refire o seu artigo 12 como integrantes do Patrimonio Histórico Español, así como os comprendidos nas disposicións adicionais primeira, segunda e quinta de dita Lei. Esta exención non alcanzará a calquera clase de bens urbanos dentro do perímetro delimitativo das zonas arqueolóxicas

e sitios e conxuntos históricos, globalmente integrados neles, senón, exclusivamente, aos que reúnan as seguintes condicións: en zonas arqueolóxicas, os incluídos como obxecto de especial protección no instrumento de planeamento urbanístico a que se refire o artigo 20 da Lei 16/1985, de 25 de xuño de Patrimonio Histórico Español.

En sitios ou conxuntos históricos, os que contén cunha antigüidade igual ou superior a cincuenta anos, e estean incluídos no catálogo previsto no Real Decreto 2159/1978 de 23 de xuño polo que se aproba o Regulamento de Planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, como obxecto de protección integral nos termos previstos no artigo 21 da Lei 16/1985, de 25 de xuño.

Non estarán exentos os bens inmobles aos que se refire esta letra b) cando estean afectos a explotacións económicas, salvo as excepcións previstas no art.62.2b) do RDL 2/2004.

c) A superficie dos montes na que se realicen repoboacións forestais ou rexeneración de masas arboradas suxeitas a proxectos de ordenación ou plans técnicos aprobados pola Administración Forestal. Esta exención terá unha duración de 15 anos, contados a partir do período impositivo seguinte a aquel no que se realice a súa solicitude.

d) Os bens inmobles da titularidade de entidades incluídas na Lei 49/2002 de 23 de decembro de Réxime Fiscal de Entidades sen fins Lucrativos e dos incentivos fiscais ao Mecenazgo, nos términos da citada lei.

e) En aplicación do artigo 62.3 do TRLRFL, os Centros de Saúde nos que a condición legal de persoa obrigada ao pagamento do imposto, segundo a prelación establecida no artigo 61 do citado TRLRFL recaia sobre o SERGAS e se cumpran as restantes circunstancias descritas neste apartado.

Considéranse, aos efectos desta Ordenanza, Centros de Saúde, aos bens inmobles nos que, conforme ao disposto no RD 1277/2003 de 10 de outubro, o SERGAS desenvolva “Atención Primaria de Saúde” a cargo de persoal funcionario ou estatutario da Administración Pública.

No caso de que nun mesmo inmovible coexistan “Servizos de Atención Primaria” con outros servizos, procederá a redución da cota do Imposto na proporción da superficie ocupada polos Servizos de Atención Primaria de Saúde respecto da totalidade do inmovible.

Os beneficios fiscais de carácter rogado contidos neste apartado 2, deberán ser solicitados, de conformidade coa normativa vixente, ata o 31 de decembro do exercicio anterior ao da devindicación.

ARTIGO 6.- BONIFICACIÓNS.

1. Terán dereito a unha bonificación do 90%. na cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polas persoas interesadas antes do inicio das obras, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel no que se inicien as obras ata o posterior á terminación das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos.

2. Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ao do outorgamento da cualificación definitiva, as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas conforme á normativa da Comunidade Autónoma.

Dita bonificación concederase a petición da persoa interesada e poderá efectuarse en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos de duración da mesma e producirá efectos, no seu caso, dende o período impositivo seguinte a aquel no que se solicite. Unha vez esgotada a bonificación do 50%, estas vivendas gozarán durante tres exercicios máis dunha bonificación do 25% da cota íntegra.

3. Terán dereito a unha bonificación do 90% ou 50% da cota íntegra do imposto os suxeitos pasivos –pai, nai ou titor/a- titulares de familia numerosa, relativa á vivenda que constituía a residencia habitual da familia e sempre e cando cumpran as seguintes condicións:

- a) Se os importes brutos anuais dos membros da familia numerosa, no exercicio fosen iguais ou inferiores a 7.051 €, a bonificación será do 90%.
- b) Se os ingresos estiveran entre 7.051 € e 9.013 €, a bonificación será do 50%.

O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de

integrantes. No caso dalgún integrante cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65%, computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grao de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

Esta bonificación concederase para cada exercicio, debendo solicitala os suxeitos pasivos ata o 31 de xaneiro do ano no que deba producir efectos, (*) e achegando os seguintes documentos:

- Título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro (**) do exercicio no que deba producir efectos a bonificación.
- Autorización ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da familia da AEAT e outras administracións públicas.
- Certificado de discapacidade se é o caso.

4. Gozaran dunha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto os bens inmobles de uso residencial destinados a aluguer de vivendas con renda limitada por unha norma xurídica, cuxos suxeitos pasivos sexan persoas físicas ou entidades a que se refire o artigo 35.4 da lei 58/2003 Xeral Tributaria constituídas por persoas físicas.

5.1. Gozarán dunha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto durante os tres períodos impositivos seguintes á finalización de instalacións de sistemas de aproveitamento de enerxía solar os inmobles de uso residencial onde se instalen ditos sistemas e cos seguintes requisitos:

- a) Que as instalacións foran obxecto de comunicación previa/licenza á Xerencia Municipal de Urbanismo.
- b) Que se aporte proxecto ou memoria técnica asinada por técnico competente.
- c) No caso de inmobles suxeitos ao réxime de propiedade horizontal que realicen unha instalación compartida para subministrar enerxía a todos ou a algún deles, só poderán beneficiarse da bonificación os inmobles vinculados á instalación.

5.2. O importe da bonificación anual non poderá exceder para cada inmovle e exercicio do 50% do custe da execución material da instalación ou ben do 50% do custe de execución material repercutida a cada propietario/a no caso de inmobles suxeitos a división horizontal.

Nos dous casos anteriores, en cómputo global, o importe da bonificación concedida durante os tres exercicios non poderá superar o 95% do custe de execución material da instalación.

5.3. A bonificación poderá solicitarse, acompañando documentación xustificativa dos requisitos esixidos no apartado 1 deste artigo ou nº de expediente da Xerencia Municipal de Urbanismo no que conste a mesma, en calquera momento anterior á terminación dos tres exercicios nos que resulte de aplicación. Surtirá efectos, no seu caso, para o período impositivo seguinte a aquel no que se solicite. Esta bonificación non será de aplicación cando a instalación dos sistema de aproveitamento de enerxía solar sexa obrigatoria segundo a normativa específica na materia.

6. No caso de que fose procedente máis dun beneficio fiscal na cota deste imposto, aplicarase só o de maior contía.

(*) Os/As solicitantes de exención de lixo vivendas deberán realizar esta solicitude para IBI con anterioridade ao 31 de decembro do ano anterior ao de aplicación da bonificación no IBI.

(**) Vixente a 31 de decembro no caso de solicitantes de exención de lixo.

ARTIGO 7.- BASE IMPOÑIBLE E LIQUIDABLE.

1. A base imponible deste imposto estará constituída polo valor catastral dos bens inmobles, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación conforme ao disposto nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

2. A base liquidable deste imposto será o resultado de practicar na base imponible a redución que legalmente se establece nos artigos 67 a 70 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais). A citada redución será aplicable no caso de ponencias totais de valores aprobadas ou que se aproben con posterioridade a 1 de xaneiro de 1997. No concello de Vigo, en tanto non se aprobe unha nova ponencia total de valores, non procederá a aplicación de ningunha redución na base imponible, sendo, en consecuencia, a base liquidable do imposto idéntica á base imponible.

Tratándose de bens inmobles de características especiais, a redución da Base Imponible unicamente procederá cando o Valor Catastral resultante da aplicación dunha nova Ponencia de Valores Especiais supere ao dobre do que, como inmovible desta clase, tivera previamente

asignado. En defecto deste valor, tomarase como tal o 40% do que resulte da nova Ponencia.

ARTIGO 8.- COTA TRIBUTARIA.

1. A cota íntegra deste imposto será o resultado da aplicación á base liquidable dos tipos de gravame recollidos neste artigo.
2. O tipo de gravame para os bens inmobles urbanos será do 1,023%.
3. O tipo de gravame para os bens inmobles rústicos será do 0,761%.
4. O tipo de gravame para os bens inmobles de características especiais será do 1,023%
5. Establecese como “tipo diferenciado” na contía do 1,044% para os bens inmobles urbanos, excluídos os de uso residencial, que superen, atendendo aos usos establecidos na normativa catastral para valoración das construcións, o valor catastral que, para cada un dos usos, se recolle no seguinte cadro:

CÓDIGO-USO	V.CATASTRAL	TIPO
Industrial	igual ou superior a 125.000€	1,044
Comercial	igual ou superior a 125.000€	1,044
Ocio e hostalería	igual ou superior a 175.000€	1,044
Oficinas	igual ou superior a 125.000€	1,044
Deportivo	igual ou superior a 450.000€	1,044
Espectáculos	igual ou superior a 175.000€	1,044
Edificio singular	igual ou superior a 450.000€	1,044

En todo caso, os tipos de gravame diferenciados aos que se refire este apartado, só poderán aplicarse, como máximo ao 10% dos inmobles do termo municipal que, para cada clase de uso, teñan maior valor catastral.

Cando un inmovle teña varios usos, atenderase ao uso da edificación ou dependencia principal.

6. Tratándose de inmobles de uso residencial que se atopen desocupados con carácter permanente, esixirase un recargo sobre a cota líquida do imposto dun 50%. O recargo devindicarase o 31 de decembro e liquidarase anualmente polo Concello, unha vez contrastada a desocupación do inmovle, xuntamente co acto administrativo polo que aquela sexa declarada.

Non se aplicará este recargo a inmobles de titularidade de persoas físicas, administracións públicas, entidades incluídas no réxime fiscal da lei 49/2002 de 23 de decembro e entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria sempre que estas últimas fosen constituídas por persoas físicas, administracións públicas ou entidades incluídas no réxime fiscal da lei 49/2002.

Para a aplicación do presente recargo considerarase inmovible de uso residencial desocupado con carácter permanente, aquel que teña estado desocupado de forma continuada e sen causa xustificada por un prazo superior a dous anos.

Para a aplicación do presente recargo considerarase inmovible de uso residencial desocupado con carácter permanente no exercicio a considerar, aquel inmovible que teña figurado no padrón municipal de habitantes sen ningunha persoa inscrita durante os 24 últimos meses anteriores á data de devengo do recargo.

Igualmente, considerarase desocupado con carácter permanente o inmovible cando, aínda que existira inscrición no padrón municipal de habitantes, durante os 24 últimos meses a media de consumo de auga fose inferior a 2,5 m³/mes.

Segundo o disposto no artigo 72 apartado 4 do TRLRFL, o recargo devengarase a 31 de decembro e liquidarase anualmente.

Os servizos tributarios do Concello poñerán de manifesto aos suxeitos pasivos os inmobles desocupados con carácter permanente no exercicio a considerar, segundo a información que conste no padrón municipal de habitantes así como no padrón fiscal da taxa de abastecemento, saneamento e depuración de auga. Os suxeitos pasivos poderán formular as alegacións pertinentes e aportar as probas que estimen oportunas e que resulten contraditorias coa información do padrón municipal de habitantes así como do padrón fiscal de auga.

Procederá, á vista das alegacións formuladas, a declaración de inmovible desocupado con carácter permanente no exercicio a considerar así como a liquidación tributaria correspondente ao recargo regulado neste apartado.

7. A cota líquida obterase minorando da cota íntegra o importe das bonificacións previstas no artigo 6 e 7 desta Ordenanza.

ARTIGO 9.- DEVINDICACIÓN E PERÍODO IMPOSITIVO.

1. O imposto devíndicase o primeiro día do período impositivo.
2. O período impositivo coincide co ano natural.
3. Os feitos, actos e negocios que deban ser obxecto de declaración ou comunicación ante o Catastro Inmobiliario terán efectividade na devindicación deste imposto inmediatamente posterior ao momento no que se produzan efectos catastrais.

ARTIGO 10.- XESTIÓN.

1. A liquidación e recadación, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria deste imposto, serán competencia exclusiva do Concello de Vigo, e comprenderán as funcións de recoñecemento e denegación de exencións e bonificacións, a realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias, emisión dos documentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra ditos actos e actuacións para a asistencia e información ao contribuínte referidas ás materias comprendidas neste apartado.
2. O Concello agrupará nun único documento de cobro todas as cotas deste imposto relativas a un mesmo suxeito pasivo cando se trate de bens rústicos sitos no termo municipal.
3. O imposto xestiónase a partir da información contida no Padrón catastral e nos demais documentos expresivos das súas variacións elaborados para o efecto pola Dirección Xeral do Catastro, se prexuízo da competencia do Concello para a cualificación de inmoables de uso residencial desocupados. Dito padrón conterá a información relativa aos bens inmoables, separadamente para cada clase e será remitido ao Concello antes do 1 de marzo de cada ano.
4. Os datos contidos no padrón catastral e nos demais documentos citados no apartado anterior deberán figurar nas listas cobratorias, documentos de ingreso e xustificantes de pagamento do imposto sobre Bens Inmoables.
5. Nos supostos nos que resulte acreditada, con posterioridade á emisión dos documentos aos que se refire o apartado anterior, a non coincidencia do suxeito pasivo co titular catastral, as rectificacións que respecto a aquel poida acordar o Concello de Vigo para os efectos da liquidación do imposto devindicado polo correspondente exercicio,

serán comunicadas á Dirección Xeral do Catastro na forma prevista no Convenio de colaboración de 20 de decembro de 2001.

6. As alteracións relativas aos bens inmobles susceptibles de inscrición catastral que teñan transcendencia para os efectos deste imposto determinarán a obriga das persoas suxeitos pasivos de formalizar as declaracións conducentes á súa inscrición no Catastro Inmobiliario, conforme ao establecido nas súas normas reguladoras.

As liquidacións/recibos do padrón deste imposto relativas a altas e modificacións catastrais non precisarán de notificación individualizada se, con carácter previo, lle fora notificada a correspondente alta ou modificación catastral ao suxeito pasivo do imposto.

7. O Concello de Vigo tense acollido ao procedemento de comunicación previsto no Texto Refundido da Lei reguladora do Catastro Inmobiliario, significando para os suxeitos pasivos-titulares catastrais que quedarán eximidos da obriga de formular as declaracións a que se refire o apartado 6 anterior, consecuencia dos seguintes actos administrativos de competencia municipal:

- Licenzas de obra de construción e ampliación.
- Licenzas de modificación, rehabilitación ou reforma.
- Licenzas de demolición
- Licenzas de modificación de uso.

ARTIGO 11.- PAGAMENTO.

O prazo para o pagamento voluntario deste imposto será o establecido no calendario fiscal que se publicará no BOP, na páxina web municipal e por outros medios que se consideren adecuados.

Con carácter xeral, a recadación do padrón do Imposto sobre Bens Inmobles iniciárase no segundo semestre do exercicio.

ARTIGO 12.- SISTEMA ESPECIAL DE PAGAMENTO DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

1. Ao amparo do disposto no artigo 9 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, e co obxecto de facilitar aos contribuíntes o cumprimento das súas obrigas tributarias, así como incentivar a domiciliación bancaria como medio de pagamento máis idóneo, establécese un sistema especial de pagamento das cotas por recibo do Imposto sobre Bens Inmobles que, ademais do fraccionamento da débeda nos termos previstos neste artigo, permitirá aos/as obrigados/as tributarios/as que se acollan a este sistema, o goce dunha bonificación do 3% da cota do Imposto.

2. A bonificación derivada da aplicación do sistema especial de pago será compatible coas restantes bonificacións establecidas na presente ordenanza fiscal reguladora do IBI, e aplicarase sobre a cota líquida resultante da aplicación do artigo 6.

3. O acollemento a este sistema especial requirirá que o recibo estea domiciliado ou se domicilie nunha entidade financeira, que o/a obrigado/a ao pagamento sexa persoa física ou unha das entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria e que se formule a oportuna solicitude no impreso normalizado que se aprobe ao efecto.

O/A solicitante, obrigado/a tributario/a, deberá ser titular da conta na que se materializará a domiciliación.

4. A aplicación do sistema especial de pago contemplado neste artigo deberá ser solicitado polo suxeito pasivo con anterioridade ao 1º de abril do exercicio no que deba ter efecto. Noutro caso a solicitude terá efectos a partir do exercicio seguinte ao da súa petición.

5. A solicitude debidamente cumprimentada entenderase automaticamente concedida desde o mesmo día da súa presentación, tendo validez por tempo indefinido en tanto non exista manifestación en contrario por parte do suxeito pasivo ou deixen de realizarse os pagos nos termos establecidos nos apartados seguintes.

6. O pagamento do importe total anual do imposto distribuirase en dous prazos:

a) O primeiro, que terá o carácter de pago a conta, será equivalente ao 50 por cento da cota líquida do recibo do Imposto sobre Bens Inmóveis do exercicio en curso, debendo facerse efectivo o 31 de maio, ou inmediato hábil seguinte, mediante a oportuna domiciliación bancaria.

b) O importe do segundo prazo pasarase ao cobro á conta corrente indicada pola persoa interesada o último día do período voluntario de cobro do imposto, e estará constituído pola diferenza entre a contía do recibo correspondente ao exercicio e a cantidade abonada no primeiro prazo, deducindo, á súa vez, o importe da bonificación regulada no presente artigo.

7. Cando, por causas imputables á persoa interesada, non se fixese efectivo ao seu vencemento o importe do primeiro prazo, será inaplicable automaticamente este sistema especial de pagamento e perderase o dereito á bonificación correspondente. Neste suposto manterase a domiciliación polo que, o derradeiro día do prazo de

ingreso en período voluntario pasaráselle un cargo pola totalidade do importe do recibo. Se o recibo fose devolto darase de baixa a domiciliación para os vindeiros exercicios.

Cando, por causas imputables á persoa interesada, non se fixese efectivo ao seu vencemento o importe do segundo prazo, será inaplicable automaticamente este sistema especial de pagamento e perderase o dereito á bonificación correspondente, iniciándose o período executivo pola cantidade pendente de ingreso.

A devolución do cargo da domiciliación do segundo prazo por causa imputable á persoa interesada suporá automaticamente a baixa de dita domiciliación para os vindeiros exercicios.

8. Cando o ingreso a conta efectuado como primeiro prazo sexa superior ao importe da cota resultante do recibo, a administración tributaria procederá de oficio á devolución inmediata do exceso sobre a citada cota, mediante transferencia bancaria á mesma conta na que se efectuou o cargo.

ARTIGO 13.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

En todo o relativo a Infraccións tributarias e ás súas cualificacións, así como ás sancións que correspondan, estarase ao disposto na Ordenanza Fiscal Xeral, Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria, e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

Para o caso de que o Pleno municipal non aprobe modificación de forma expresa no tipo de gravame para os bens inmobles de características especiais a que se refire o artigo 8.4 desta ordenanza, incrementarase este, ano tras ano, nun 2,5% ata a igualación de tipos co de gravame para os bens inmobles urbanos que figure no apartado 2 do citado artigo 8.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA. Reguladora da aplicación do beneficio fiscal previsto no artigo 6.5 para as instalacións rematadas en 2020, 2021 e 2022:

As instalacións rematadas en 2020 poderán desfrutar da bonificación regulada no artigo 6.5 durante o exercicio 2023.

As instalacións rematadas en 2021 poderán desfrutar da bonificación regulada no artigo 6.5 durante os exercicios 2023 e 2024.

As instalacións rematadas en 2022 poderán desfrutar da bonificación regulada no artigo 6.5 durante os exercicios 2023, 2024 e 2025.

DISPOSICIÓNS FINAIS.

1ª. No non previsto nesta ordenanza serán de aplicación as disposicións contidas na ordenanza fiscal xeral do Concello e a restante lexislación tributaria aplicable.

2ª. Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comenzará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2026 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

MODIFICACIÓNS BOP.:	30 DE DECEMBRO DE 2003
	29 DE NOVIEMBRE DE 2004
	30 DE DECEMBRO DE 2006
	10 DE DECEMBRO DE 2007
	10 DE DECEMBRO DE 2008
	11 DE DECEMBRO DE 2009
	14 DE DECEMBRO DE 2010
	22 DE NOVIEMBRE DE 2011
	21 DE DECEMBRO DE 2012
	30 DE OCTUBRO DE 2014
	25 DE NOVIEMBRE DE 2015
	12 DE DECEMBRO DE 2016
	7 DE DECEMBRO DE 2017
	7 DE DECEMBRO DE 2018
	12 DE NOVIEMBRE DE 2019
	14 DE DECEMBRO DE 2022
	4 DE DECEMBRO DE 2023
	12 DE DECEMBRO DE 2024
	28 DE NOVIEMBRE DE 2025

